



C O N C E L L O

D E

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

ACTA DE CONTESTACIÓN Á RECLAMACIÓN RECIBIDA DURANTE O TRÁMITE DE ALEGACIÓNS DA FASE DE CONCURSO, RESULTADO DA PROBA DE GALEGO, PUNTUACIÓNS FINAIS DO CONCURSO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (PERSONAL LABORAL FIXO), INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA AO ABEIRO DA LEI 20/2021 (Expte 830/2023)

No Salón de Actos da Casa da Cultura do Concello de Salvaterra de Miño, sendo as 12:30 horas do día 12 de marzo de 2024, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado polo Concello de Salvaterra de Miño para cubrir unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local (persoal laboral fixo), incluída na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal aprobada ao abeiro da lei 20/2021 (Expte 830/2023), polo sistema de concurso de méritos, segundo a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia Pontevedra núm. 37, do 22 de febreiro de 2023, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidenta: Cruz Farto Justo, xefa de xestión do Museo Provincial da Deputación Provincial de Pontevedra.

Secretario: Luis Feijoo García, técnico de Administración Electrónica adscrito a Secretaría da Deputación Provincial de Pontevedra.


Vogais:

- Carmen de Peña Vidal, técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación da Deputación Provincial de Pontevedra.
- María de los Ángeles Domínguez Ramos, técnico de Administración Xeral do Concello de Tui.
- Fernando González Abeijón, funcionario grupo A1 - Escala Xeral da Xunta de Galicia.

Reunido o Tribunal cualificador, dáse conta do obxecto da sesión que se recolle a continuación:

- A realización da proba de coñecemento da lingua galega de conformidade co previsto na base 8ª das bases xerais do proceso selectivo, á persoa aspirante FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA ao non acreditar o título CELGA 4.





C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

- A resolución da reclamación recibida pola persoa aspirante FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA no rexistro electrónico do Concello de Salvaterra de Miño o 11/03/2024 ás 20:59.

Reunido o Tribunal cualificador, o secretario toma a palabra e da conta do seguinte:

- Que a persoa aspirante FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA presentou esta noite [11/03/2024 ás 20:59], no rexistro electrónico do Concello de Salvaterra de Miño unha reclamación á convocatoria realizada polo Tribunal para a realización da proba de coñecemento da lingua galega de conformidade co previsto na base 8ª das bases xerais do proceso selectivo, ao non acreditar á devandita persoa aspirante o título CELGA 4.

- Que a reclamación foi presentada 12 horas antes da hora prevista para a realización da proba, circunstancia que imposibilitou a súa tramitación en tempo e forma antes da proba para á cal estaba a aspirante convocada.

- Que a persoa aspirante FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA presentouse á proba convocada de coñecemento da lingua galega.

Contestación á reclamación da persoa aspirante FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA

Tras revisar a reclamación pola aspirante acordouse, por unanimidade, a súa desestimación polos seguintes motivos:

- A persoa candidata alega estar en posesión da acreditación dos cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega, cursos que foron valorados segundo o previsto no punto 2.3 Coñecemento de lingua galega.
- Que a necesaria convalidación para acreditación do CELGA 4 en relación cos cursos alegados, segundo o previsto pola normativa autonómica de aplicación debe realizarse por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística, circunstancia que non consta no expediente administrativo polo que este Tribunal non pode realizar a devandita convalidación
- Que o Tribunal non tivo posibilidade material de resolver esta alegación ao ser presentada só 12 horas antes da hora prevista para a realización da proba de galego.

Resultado proba convocada de coñecemento da lingua galega

O Tribunal realizada, a proposta deste órgano, unha proba para a acreditación do coñecemento da lingua galega de conformidade co previsto na base 8ª das bases





xerais do proceso selectivo á candidata FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA acorda, por unanimidade, outorgar a cualificación de APTA á candidata en relación coa acreditación de capacidade de comunicación en galego.

Puntuacións finais outorgados na fase de concurso

Que finalizado o prazo previsto para a formulación de alegacións ás puntuacións provisionais outorgadas na fase de concurso e publicadas na sede electrónica, non se recibiron posteriores alegacións polo que se elevan a definitivas as puntuacións seguintes:

Identidade	NIF	1. Experiencia profesional	2.1 Superación de procesos selectivos	2.2 Cursos de formación	2.3 Coñecemento de lingua galega	2.4- Titulación superior, master ou posgrado na especialidade	Puntuación total
FERNÁNDEZ DURAN, MELANIA	***9865**	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA	***9446**	90 puntos	4 puntos	4 puntos	1 punto	0,5 puntos	99,50 puntos
HERVES FORTES, ÁLVARO	***8205**	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos
TROITIÑO DAPENA, JULIO	***1554**	13,25 puntos	0 puntos	2,8 puntos	0,75 puntos	0,5 puntos	17,30 puntos

Visto o anterior, o Tribunal cualificador, de conformidade co disposto na base novena da convocatoria, propón o nomeamento de D^a. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARGARIDA, como de axente de emprego e desenvolvemento local (persoal laboral fixo) do Concello de Salvaterra de Miño.

De acordo co previsto na base décima da convocatoria, a persoa proposta deberá achegar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpre cos requisitos esixidos para ingresar na función pública local, no prazo de (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de persoas aprobadas.

No caso de non presentar a documentación anterior dentro do prazo fixado, salvo nos casos que se mencionan no artigo décimo da convocatoria, non poderá ser nomeada persoal do Concello e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitud de participación.





C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por finalizada a mesma, sendo as 13:30 horas do día arriba indicado, estendéndose a presente acta de todo o que, como secretario, dou fe.

